

IDEAS
QUE DEFENDE E FINS QUE
SE PROPÓN O

Partido Galeguista



Quén non sexa capaz de xuzgar as cousas por sí mesmo non merece o calificativo de home. É un moneco no que mandan os demais.

Lêde iste folleto e poderedes xuzgar por vós mesmos as ideas e os fins do Partido Galeguista.



REAL ACADEMIA
GALEGA

F 15833

NÓS, PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
RUA DO VILAR, 15 SANTIAGO

R. 12355



199

Suscríbese a

a nosa terra

3 Pesetas ao semestre

REDAICIÓN E ADEMINISTRACIÓN

RÚA DO VILAR, 15 :-: SANTIAGO



PARTIDO GALEGUISTA



I

PRA QUÉ SE PUBLICA ISTE LIBRIÑO

Será raro que non teñades ouvido falar do Partido Galeguista, porque n-istes tempos fálase moito d'il. Claro que uns falan ben e outros mal, porque non pode dar gusto á todos, e n-iste mundo todos temos amigos e enemigos.

Pero os homes de razón o que deben facer é non dar tino do que diga a xente e enteirárense iles por sí mesmos, e despóis formar xuicio. Pra enteirarse ben de si os galeguistas son bós ou ruins, hay que saber o qué pensan e o qué que- ren. Despóis é cando se pode xuzgar.

Pra que todos poidan sabelo ben, escribimos iste libriño.

Eiquí vai dito ben claro o qué é o Partido Galeguista. Lédeo de vagar, e despóis poderedes falar d'il con coñecimento.

O AMOR Á GALICIA E ÁS SUAS CŌUSAS

Os galeguistas, que outros chaman nazonalistas galegos, irmáns ou amigos da fala, que todo ven á ser un, forman un partido político que se chama Partido Galeguista. Pero non é un partido come outro calquera, senón unha xuntanza ou asociación de homes, e tamén mulleres, que queren, antes de nada, á nosa Terra e que defenden en primeiro lugar aos galegos.

Os galeguistas din que son primeiro galegos, porque a súa única patria é Galicia, e despois do Mundo.

O Partido Galeguista defendendo á Galicia defende os intreses comúns de todos os galegos. Por eso, pra os galeguistas, tanto son os probes como os ricos, os artesanos e os peisanos ou labregos como os señoritos, os obreiros como os patronos, os da dereita como os da esquerda. En sendo galegos, todos somos irmáns, porque todos somos fillos da nosa única e mesma patria común, que é Galicia.

Por eso, todos os galegos nos debemos querer como irmáns verdadeiros, e deixar as nosas diferencias, pra estarmos xuntos como un sólo home na defensa das nosas cousas, dos nosos intereses comúns, da nosa riqueza, da nosa vida, da nosa

libertade. Os galeguistas din que todos os males de Galicia veñen de estarmos os galegos divididos, de andar cada un polo seu lado, sin decatarnos de que d'esta desunión se aproveitan en Madrid pra perxudicarnos.

Tamén nos veñen moitos d'istes males de que moitos galegos non saben estimar o noso e prefiren o alleo. Non estiman a nosa Terra, a nosa fala, os nosos cantares, os bailes, as nosas usanzas antigas... E fan mal, porque os pobos que estiman as suas cousas, e falan a sua fala, como fan os cataláns e os vascos, e outros moitos fora de Hespaña, ises van pra riba, namentras que nós, que non as estimamos, imos cada vez máis pra baixo.

Por eso, os galeguistas queren que todos os galegos amen fondamente á Galicia e estimen moito as nosas cousas e falen a nosa fala. Temos que amar á Galicia, porque é a nosa única patria, e todos debemos amar á nosa patria como amamos ás nosas nais.

Pra nós, os galegos, o primeiro ten que ser Galicia, porque defendendo á Galicia defendémosnos á nós mesmos, ou sea, defendemos o Pobo galego, que somos todos nós.

A NOSA FALA

Os galeguistas falan sempre en galego. E non o fan porque non seipan o castellano. Todos os galeguistas saben falar moi ben o castelán, e hai moitos que tamén saben o francés, o inglés, o alemán, o italiano e outros idiomas.

Falan en galego, porque o galego é a nosa lingua e non se avergonzan d'ela, senón que a falan con moita honra e orgulo.

Hai algúns galegos desgraciados que se avergonzan de falar en galego, porque pensan que é feo, ou que é idioma de peisanos e de xente humilde, ou que semella ordinario. Istes galegos son os que queren aparentar de señoritos, sin saber que hoxe os verdadeiros señoritos, os estudantes, e toda a xente culta de Galicia, teñen orgulo de falar o noso idioma.

Ademáis, os galeguistas, e todos os que estudaron algo, saben que o galego é unha das linguas máis fermosas que se falan no mundo, e saben tamén que, dende o século XII ao XIV, falaban e escribían en galego os reis e as persoas principais, e que o galego foi a primeira lingua poética, na que se escribiron os cancioeiros que son admiración de todos os homes cultos, e que en galego escribiron Pastor Díaz, Rosalía, Cu-

rros, Pondal e todos os nosos grandes poetas do século pasado, como agora escriben tamén en galego todol-os poetas novos e todol-os homes de valer.

Pero aínda que o noso idioma fose cousa nada máis que de peisanos e xentes humildes, os galeguistas falaríano igual e terían orgulo d'il, porque abonda con que sexa noso, e además é o signo que nos difrencia dos demáis pobos.

E non soio se debe falar en galego, senón que se debe tamén escribir en galego. Os galeguistas din que se deben escribir en galego os periódicos, os letreiros das tendas, os nomes das calles, e tamén os documentos públicos de todas clases.

En fin, os galeguistas queren que en Galicia o idioma galego valla tanto como o castelán e sirva pra as mesmas cousas, e se lle teña tanta consideración como ao castelán, e que nas escolas se aprenda tamén á lêr e á escribir en galego, porque o galego é a nosa lingua, e os maestros, os xueces, os notarios, os rexistradores, e todos os empregados do Estado deben sabelo, pra entender ás nosas xentes, que son as que lle pagan.

Así non habería que pasar pol-a vergonza de que calquera d'istes empleadiños que viven á nosa conta poida insultarnos, na nosa mesma Terra, cando lle falamos en galego, que é a nosa lingua, decíndonos que falemos «en cristiano».

Claro que isto fano, porque nós temos a pouca

vergonza de consentilo, como se consentisemos que na nosa mesma casa insultasen á nosa familia e ás nosas cousas, e, ademáis, porque os tales son uns ignorantes que nin xiquera saben que en galego se escriben libros que son moi estimados pol-os sabios do estranxeiro e tamén pol-os de Castela, que non os deixan de lér porque vaian en galego, senón que os homes que estudian lénos e compréndenos ben. E aínda hai extranxeiros que estudan a lingua galega, como sucede nas Universidades de Alemania, que é un dos pobos máis cultos.

Algúns din que si todos falásemos e escribísemos galego, cando os casteláns viñesen eiquí terían que aprender a nosa lingua. Eso sería o natural, sobre todo si veñen encargados pol-o Estado de desempeñar calquera emprego. Si hai estranxeiros que a depreden, máis natural é que a depredan iles.

Non é que os galeguistas queiran desterrar o castelán de Galicia. Ao contrario, queren que todos os galegos o sepan ben, pra que ninguén poida rirse d'iles cando o falen. Mais pra isto compre que llo ensiñen ben, e non poden ensiñarlló os mestres que empezan por non saberen o galego. E queren tamén os galeguistas que os alleos que veñen á Galicia se decaten de que si os galegos, ademáis de falar a nosa lingua, sabemos a d'iles, é porque somos máis cultos e superiores, e pol-o

tanto sepan que deben mirar a nosa lingua con respecto.

Tamén hai quen di que o galego que escriben os galeguistas non se comprende ben, porque non é igual que o fala a xente, e porque se asemella ao portugués,

O primeiro sucede tamén co castelán, pois o castelán que se escribe nos libros e nos periódicos tampouco é igual que o que fala a xente de Castela, e hai moitos casteláns aos que tamén lles custa traballo comprender ben o que se pon nos libros e nos periódicos á pesar de que á iles ensíanlles na escola á lêr e escribir en castelán, mentras que á nós non soio non nos enseñan á lêr e á escribir en galego, senón que o Estado si poidera faría que ninguén falase nin escribise na nosa lingua, porque sabe que cando un pobo como o galego non deixa de falar nin de escribir o seu idioma é que aínda non se deixou someter de todo, e calquer día pode rebelarse pra que se lle conceda a liberdade que lle foi quitada contra a súa vontade. É claro que ao Estado isto non lle convén.

Ademáis, como os que escriben en galego tratan de moitas cousas cultas e centificas das que non se adoita falar á diario nas conversas da xente, teñen que botar man de palabras galegas que se deixaron de usar, pero que se usaron n-outro tempo, e estas verbas non son coñecidas de

todos. Pero ésto pasa tamén nos outros idiomas. Hai moitos casteláns que non entenden os escritos de Unamuno, de Ortega y Gasset, de Valle Inclán e outros escritores que escriben en castelán.

Que o galego se pareza ao portugués non ten nada de particular, porque o portugués non é máis que o galego un pouco modificado; de maneira que tense de parecer por forza, e non é estrano o que se pareza.

Tamén hai quen pensa que a idea que os galeguistas defenden de falar e escribir en galego é contraria á creación d-unha lingua universal. Os tales están completamente trabucados. Os galeguistas, según queda indicado, predicán que se emplée a lingua galega, pero queren que todos os galegos poidan saber tamén ben o castelán, tendo mestres que entendan o galego e poidan así correxir os defeitos. O día que houbese unha lingua universal, os galeguistas serían os primeiros en decir que nas escolas, ademáis de ensinar o galego se enseñase tamén esa lingua.

O que pasa é que o Estado o que quixera, como xa se dixo, era que abandonásemos a nosa lingua e que non adprendésemos ningunha máis que o castelán, pol-as razóns que antes se explicaron.

IV

AS NOSAS COSTUMES, A NOSA MUSICA, AS NOSAS TRADICIÓNS

Os galeguistas, ademais, son amantes de todas as outras cousas de Galicia, como as antigas usanzas, os cantos, a música e os bailes antigos, o feitío das casas e dos vestidos e todas as demais cousas que por seren nosas debemos estimar.

Esto non quér decir que os galeguistas queiran volver pra trás. Eso non. Do antigo os galeguistas queren que se conserve o que é bo, non o que é ruín ou xa non serve. Isto non impide que haxa cantos adiantos sean posibles pra que os galegos poidan vivir mellor.

Pero o que pasa é que moitas veces por afán de copiar cousas alleas copiáanse bastantes que son ruíns abandonando outras nosas que serían mellores, porque están axeitadas ás diferencias que hai entre Galicia e os outros pobos. Como ocorreu, por exemplo, coa absurda supresión dos soportales que había en todas as cidades galegas, porque eiquí chove moito, e co afán de facer azoteas que son impropias de Galiza se non teñen o seu correspondente alpendre.

E isto, ademáis de ser unha cousa razonable, non é un capricho dos galeguistas; depende da natureza da nosa Terra.

Todos os países adiantados proceden así e procuran conservar as suas cousas, como se fai en Suiza, en Alemania, en Bélxica e en outros moitos sitios. Alí a xente canta os seus cantares antigos, fala a súa fala, viste os seus traxes enxebres e fai as cousas todas ao xeito do seu país.

Nas nosas sociedades, os señoritos non orgaizan festas en que todos leven os traxes galegos, cos que as mulleres estarían fermosísimas, nin se baila a redonda e outros bailes nosos, que son mais bonitos e decentes. Organízanse en cambio festas en que se levan mantóns de Manila e báilase agarrado, e fuman as mulleres, e bébense vinte mil porquerías, non porque gusten senón por se dar tono de imitar aos alleos, esquencéndose das nosas cousas e das nosas costumes.

Isto é unha das tantísimas modas ruins que nos mandan dende Madrid, e que nin xiquera ten a disculpa de tratar de imoñernos cousas castelanas ou de outros pobos de España, senón que se trata d-unha imitación servil das piores cousas do extranxeiro.

En cambio, en Madrid non se ocupan de imitar ao extranxeiro pra que teñamos bos camiños, bos ferrocarrís, bos telégrafos e teléfonos, e mais limpeza e mais instrucción, e moitos outros adiantos que nós precisamos.

A RIQUEZA DE GALICIA

Os galeguistas queren que Galicia sea rica, como lle corresponde pol-as suas condicións naturais.

Isto conseguiríase sacándolle ao mar, á terra, e ao gando todo o producto que poden dar e procurando que houbera industrias que aumentasen a riqueza do país, pra que se poidese chegar a que todos os galegos se gobernen ben e ninguén pase fame en Galicia.

Pero o Estado hespañol non sólo non se ocupa d-esto, senón que establece dereitos de aduanas e fai tratados comerciais que nos perxudican, e non deixa entrar o millo, permite o contrabando de gando e a entrada das madeiras, non fai nada pra que os países de América deixen vir o diñeiro dos nosos emigrantes e publica disposicións que poderán ser moi boas pra Andalucía, Extremadura e Castela, pero son pésimas pra Galicia, como as do Viño, a Reforma Agraria, e tantas outras.

Os galeguistas saben que temos na nosa Terra moita riqueza que non se aproveita como debera. Como sería a fabricación moderna de queixos e manteiga, a de curtidos, o aproveitamento das carnes e residuos do gando, a boa preparación de viños, as frutas, a madeira e a elaboración de pas-

ta de papel e outros productos químicos, os ovos, a mel, as plantas medicinales, as minas de varias clases, e outras trescentas mil cousas das que se podía sacar moito diñeiro.

Os galeguistas dicen que o Estado debía preocuparse de ensinar a aproveitar e fabricar istas cousas, a asociarse pra traballalas e vendelas sin necesidade dos intermediarios, (que son casi sempre xentes de fora de Galicia, que con pouco traballo explotan o sudor dos galegos), e a orgaizar todo o que sea necesario pra elo.

Pero o Estado gasta os centos de millóns que Galicia paga en facer exposicións, ferrocarrís de luxo e enlaces ferroviarios, en crear ministerios e moitos miles de funcionarios innecesarios, e despois non lle queda diñeiro pra atender ás cousas de Galicia.

Os galeguistas saben que si todos ises millóns fosen administrados por Galicia, sin disminuir en idas e vidas e en pagar a todó o personal preciso pra tantas voltas, poderíanse facer todas as cousas precisas e aínda habería diñeiro pra pagar os camiños, as fontes, os telégrafos, a instrucción e todos os demáis adiantos e servicios que Galicia necesita.

Claro que pra conseguir isto habería que quitarlle privilexios a algunhas xentes, que por eso falan mal do galeguismo.

Habería que ir suprimindo todos os funciona-

rios que sobrarán cando traballen o que deban; os que queden poden ser mellor retribuídos, e Galicia inda aforraría diñeiro. Os Ayuntamientos quedarían libres de moitos gastos que hoxe lles obriga a facer o Estado sin ningunha utilidade. E así en moitas outras cousas.

Xa sabemos que a esto se han opoñer con toda a súa forza os intereses creados; pero non é difícil de conseguir si todos os galegos se xuntan.

V I

A AUTONOMÍA DE GALICIA

Por eso, os galeguistas queren que Galicia sea autónoma. Esto quer decir que Galicia poida gobernarse por si mesma.

Porque hoxe Galicia é gobernada pol-os ministros do goberno de Madrid, pol-os gobernadores que nombran ises ministros e máis pol-as diputacións e os ayuntamientos que tamén dependen do goberno de Madrid. Pol-o tanto, resulta que de Madrid todo no lo mandan feito: as leises, os gobernadores, os xueces, os maestros, e todo.

Os galeguistas dín que a maor parte dos males de Galicia, sobre todo os mais importantes, veñen de ser gobernada dende Madrid e por leises feitas ali.

E esto explícase moi fácilmente. Porque, como xa se dixo antes, a maor parte das leises que se

fan en Madrid non sirven pra Galicia. Poden estar ben pra Castilla, pra Andalucía, pra Extremadura. Pero Galicia é unha nación moi difrente de todas elas, cousa que non queren ver en Madrid. E así nos veñen tantos danos por disposicións absurdas de Madrid contrarias ás nosas características e ás nosas comenencias; porque alí se empeñan en facelas iguais pra todos. Como ocurriría si nos empeñásemos en vestir a todos os homes con traxes do mesmo grandor.

Diráse que pra eso temos en Madrid deputados que nos defendan. Isto de pouco serve, porque a maor parte d-ises deputados son de partidos políticos hespañoles, e primeiro que a Galicia defenden aos seus partidos, como xa se viu moitas veces. Ademáis, os deputados galegos son poucos contra todos os de España que se xuntan cando se trata de perxudicarnos, porque todos iles, por un lado ou por outro, se benefician á nosa conta. A iles convenlles vendernos caro o ferro, os tecidos, o trigo, o carbón, o aceite, o zufre, e en cambio queren que lles demos casi de balde as madeiras, o gando e os demáis productos nosos. A proba é que aínda nas poucas veces que os deputados galegos se xuntaron non poideron impedir que se aprobasen leises que perxudican a Galicia.

Claro que o deber dos deputados galegos era declarar sinceramente que non son capaces de facer nada en Madrid, porque o sistema centralis-

ta actual o impide, como fan os deputados galeguistas. Pero pra eso terían que empezaren por facer, como os galeguistas, todo canto poidesen pra defenderen a Galicia.

Así convenceríanse todos os galegos de que o verdadeiro remedio non pode ser outro senón que as leises pra Galicia se fagan en Galicia e as fagan os galegos. Porque ninguén pode conocer as cousas de Galicia e as nosas necesidades millor que nós mesmos. Xa dí o refrán que sabe mais o tolo na sua casa que o cordo na allea.

Ademáis, é unha vergonza que nos veñan gobernar os de fóra, como sería que deixásemos gobernar as nosas casas aos veciños, e mais vergonza aínda, que nós o consintamos. Porque os galegos non debemos tolerar que os señoritos de Madrid, axudados por algunhas xentes forasteiras que viven en Galicia sin saber corresponder á nosa hospitalidade, e por uns poucos malos galegos, digan que non somos capaces de gobernar a nosa Terra. Os galegos somos tan honrados e competentes como os demáis, e pode que mais aínda, como sé está demostrando sempre na emigración e en Madrid mesmo. Nós sabemos das nosas cousas moito mais que iles e poderemos gobernar a nosa Terra moito mellor que iles a gobernan; porque, como se está vendo, non fan cousa con cousa, como non sea pra traernos perxucios, subirnos contribucións, etc.

Do que queda dito, resulta ben claro que Galicia débese gobernar libremente por si mesma, e debe ser gobernada pol-os mesmos galegos. Que Galicia debe ter un goberno propio, un goberno galego.

Esto é o que se chama ter autonomía nacional galega, que é o que piden os galeguistas. E pra ter autonomía, prestando acatamento á Constitución da República, hai que facer un Estatuto, que ten que ser aprobado primeiro pol-os Ayuntamientos, despois pol-as dúas terceiras partes dos electores galegos e por fin pol-as Cortes.

Gracias á iniciativa do Ayuntamiento de Santiago e ao seu patriótico esforzo, xa está redactado o Estatuto de Galicia e xa foi aprobado pol-os Ayuntamientos galegos na histórica Asambléa de Compostela. Agora falta que os electores galegos presten a súa conformidade no plebiscito pra que poida ser presentado en Madrid.

Iste Estatuto non é tan bó como quixeran os galeguistas, porque non dá a Galicia tanta liberdade como necesita pra se gobernar así mesma e reconócelle menos dereitos dos que como nación lle corresponden; pero sirve para resolver moitos dos problemas graves que a nosa Terra ten planteados e pra evitar que dende Madrid nos sigan perxudicando, e pra que haxa un organismo galego, que se chamará Xunta de Galicia, que se encargue de representar á nosa nación e de facer,

eficazmente, todas as reclamacións que sexa necesario, sin necesidade dos erguimentos violentos en que hoxe se desgasta, inútilmente, o noso Pobo.

— Por istas razóns, os galeguistas ofreceron apoiar ise Estatuto, sin renunciar a seguiren despois traballando pra que a Galicia lle sean reconocidos todos os dereitos que lle corresponden. E cumpriron lealmente o ofrecimento. A iles se debe que o goberno de Madrid, despois de moitos rodeos; dos que foi o principal culpable Casares Quiroga, publicase no mes de maio o decreto autorizando o plebiscito.

Tamén fixeron a mesma promesa o Partido Republicano Gallego e o Radical, pero non cumpriron aínda, e isto foi o que motivou que os galeguistas os ataquen e os censuren, con razón, para que os Ayuntamientos de Galicia e todos os galegos lles pidan conta da súa deslealtade e dos perxuícios que se ocasionan por cada día que se tarda en conseguir a autonomía.

Os enemigos do galeguismo, pra disculpárense, inventaron a parvada de que todo esto quer decir que Galicia se separe de Hespaña. Ven se ve que do que se trata é de que nos concedan aínda menos dereitos dos que nós corresponden; porque Galicia quedará suxeta ao goberno de Madrid no referente ao exército e á marina, á representación diplomática, ás obras de caracter xeral, etc.

Sólo os parvos, ou os malos galegos, ou os que teñen intereses e mando que perderán coa autonomía, poden opoñerse a que no demáis, e aínda en moitas d-esas cousas, que sin razón se reserva o Estado central, os galegos gobernen a súa Terra e os asuntos como lle pareza ben.

VII

A NACIÓN GALEGA, A SUA BANDEIRA, O SEU HIMNO, OS SEUS MORTOS ILUSTRES

Os galeguistas din que Galicia é unha nación. Por eso, lles chaman tamén nazionalistas.

Galicia é unha nación: Primeiro, porque é unha Terra diferente de todas as outras de Hespaña. Segundo, porque os galegos somos tamén de unha raza distinta da dos demáis hespañoles; iles son de raza ibera; nós, de raza celta, como os bretós e os irlandeses. Terceiro, porque tamén temos unha lingua, diferente, que o Estado central, apesar dos seus esforzos, non pudo facer desaparecer, e onde se fala diferente é diferente nación.

Por eso, digan o que queiran os hespañolistas, os galegos formamos unha nación, e non unha simple rexión como teñen orden de nos ensinar na escola, pra que esquezamos os nosos dereitos a ter autonomía, a usar a nosa lingua, a conservar os nosos costumes e usanzas.

A nación galega, ou sea Galicia, é, polo tanto, a única Patria dos galegos. Así acaba de ser reconocido en Berna pol-o máis outo orgaismo internazonal.

O que pasa é que se precura que os galegos, os vascos e os cataláns confundamos as nosas nacións co Estado, que é cousa distinta. O estado é a sociedade que forman os individuos de unha nación pra se gobernaren, como sucede n unha Parroquia cando os veciños forman a sua sociedade. En Hespaña debía haber catro Estados pol-o menos: o de Galicia o de Cataluña o das Vascongadas, e o de Castilla con Andalucía e a Extremadura que falan a mesma lingua. Pero Castilla, aproveitándose das circunstancias históricas, impúxolle ás demáis nacións da Península, menos a Portugal, o seu Estado, como agora quere impoñerlle a sua lingua, as suas costumes e todo o seu. Igual que si unha Sociedade parroquial quixese impoñerse ás Parroquias que a rodean.

A nosa única bandeira é a de Galicia, inda que debemos ver con respecto todas as demáis e especialmente a da República, porque posibilitou a autonomía galega. Todos debemos saber que a bandeira da nosa Patria é branca con unha franxa azul que atravesa dende a esquina superior esquerda á inferior dereita.

O escudo de Galicia é azul con un cáliz dourado, e unha ostia enriba, e sete cruces arredor, que

representan as sete cibdades antigas de Galicia.

O noso himno nacional é o himno galego, escrito pol-o gran poeta Eduardo Pondal e con música do compositor Pascual Veiga. Iste himno foi titulado pol-o seu autor OS PINOS, porque n-il os piñeiros representan os nosos antepasados que chaman por nós pra que defendamos a nosa Patria, a Patria galega.

Cando vexamos isa bandeira e oigamos ise himno, todos os galegos, en pé e descubertos, como se fai coas bandeiras e cos himnos de outras patrias, debémonos sentir unidos como irmáns que somos, n-un mesmo pensamento e n-un mesmo sentimento: o de traballar primeiro pol-a liberdade e despois pol-a prosperidade da nosa Patria, sin odio ás outras, senón pra labourar en armonía, pero en pé de igualdade, pol-o progreso da Humanidade toda.

Tamén debemos de honrar os galegos a memoria dos grandes homes que houbo en Galicia, como o rei Breogán, o arcebispo Don Diego Xelmirez, o mariscal Pedro Pardo de Cela, que foi mandado axusticiar pol-os Reis Católicos por defender a liberdade de Galicia; Antolín Faraldo, que dirixiu a revolución galega do ano 1846 e proclamou o nazonalismo galego; D. Manuel Murguía, que escribiu a Historia de Galicia; os poetas Eduardo Pondal, Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Lamas Carvaxal, e moitos outros que con-

sagraron toda a súa vida e a súa obra á nosa Patria.

VIII

A HISTORIA DO GALEGUISMO

Os versos e os traballos dos poetas e escritores antes citados tiveron a virtude de facer revivir a conciencia nazonal galega, que sufrira unha fonda crisis despois de ser sometida Galicia pol-os Reis Católicos. E, pra defender os dereitos de Galicia como nación, naceu o galeguismo, logo vai facer cen anos; pero, como as xentes estaban moi influenciadas por Madrid, o movemento foi desenvolvéndose lentamente, hasta que chegou a orgaizarse no ano 1916, coas chamadas Irmandades da Fala.

Istas Irmandades tiveron varias xuntanzas, que foron, unha, en 1918, en Lugo; outra, en 1919, en Santiago; en 1920, en Vigo; en 1921, en Monforte; en 1922, na Cruña. En 1923, veu a Dictadura e xa non foi permitida ningunha outra xuntanza, hasta 1931.

N iste ano a xuntanza celebrouse en Pontevedra, en donde se acordóu intervir na política, fundando o Partido Galeguista, como así se está facendo con resultados bastante satisfactorios, sobre todo si se ten en conta os poucos medios de que deica agora se dispuxo.

CARACTERÍSTICAS DO P. GALEGUISTA

O Partido Galeguista está orgaizado democráticamente. Non ten xefes. Está gobernado por un Consello de 15 membros elixidos pol-a Asamblea de cada ano. Cinco d-istes Conselleiros están encargados das difrentes Segredarías

Dentro do Partido todos son iguaes, o mesmo os Diputados, que os Conselleiros, que os Segredarios, que os Presidentes dos Grupos, que un afiliado calquera. Todos iguaes, como irmáns, e obedecendo todos, incluso os Diputados, as ordes do Consello e iste da Asamblea, na que todos teñen que dar conta da súa actuación.

O Partido Galeguista non se preocupa de ter moitos afiliados; o que quere é que os que teña sean bós. Por eso, non admite aos que non están convencidos das ideas galeguistas, e deica agora non foi preciso expulsar a ninguén por desobedecer as ordes do Consello ou as disposicións da Asamblea.

O Partido Galeguista non aspira a mandar nin a ser o que governe Galicia. O que quere é contribuir a que os que gobernen, sean os que queiran, o fagan ben, con espírito galego, con xusticia, con honradez e non pra proveito de unhas cantas camarillas senón pra beneficio de todos os

galegos; como o demostra o feito de que o galeguismo nas suas campañas, en vez de facer afiliados, explique ás xentes como deben orgaizarse pra facer valer os seus dereitos.

X

CACIQUISMO E CONTRIBUCIÓS

O Partido Galeguista combate aos caciques, porque en vez de gobernar ben préstanse a cantolles mandan desde Madrid e desde os gobernos civiles, sacando de paso a súa tallada, a conta de Galicia. Por eso, os caciques e os seus amigos e protexidos son os máis grandes enemigos do galeguismo e da autonomía.

Os galeguistas ben saben que ha costar tempo e traballo desterrar o caciquismo, sobre todo si Galicia non consigue a autonomía; porque o centralismo, que é a forma de gobernar que ten o Estado hespañol, básase no caciquismo.

Esto é claro. Como todas as cousas dependen dos gobernos civiles ou de Madrid, os caciques non necesitan contar co pobo. Abonda con que os seus xefes teñan influencia nos gobernos e nos ministerios pra que todo o mundo teña que depender dos caciques e pra que istes consigan canto queiran inda que sea contra a vontade do pobo. Recíprocamente, por iste mesmo procedimento, aos xefes políticos que viven en Madrid bástalles

con contar cos caciques pra ganhar as eleicións. É así a democracia, a liberdade, e todas isas outras cousas, quedan reducidas a verbas sin valor e sin realidade.

A República inda non pudo acabar con istas vellas mañas, porque cometeu o erro de conservar o réxime de goberno centralista.

Coa autonomía desaparecería o caciquismo, porque as Parroquias e os Ayuntamientos gobernaríanse por si mesmos, sin depender dos gobernos civís nin de Madrid, e os caciques non terían de quén valerse pra burlar ao pobo. Sólo habería caciques alí onde a xente fose tan parva que quixese telos.

Outro dos enormes males do centralismo é que os galegos están pagando ao Estado por contribucións moito máis do que deberan, e en cambio non reciben os beneficios que lle corresponden.

Xa se explicou antes como o Estado dispón do diñeiro que cobra en Galicia e vaino a gastar en outros sitios e deixándonos sin ferrocarril e tantas outras cousas que nos son precisas e ás que temos dereito porque están pagadas co diñeiro que o Estado cobra de máis en Galicia. E díxose tamén o moito que conviña que iste diñeiro en ves de ir a Madrid fose administrado pol-os galegos.

Os galeguistas proceden honradamente e non dicen que os galegos deixen de pagar as contribucións, porque son necesarias pra pagar os cami-

ños, os correos, a xusticia e todas as outras cousas que compren pra vivir ben. O que si din é que os galegos pagan máis do que deben e non ven que os cartos que pagan se gasten en beneficio d-iles, porque o réxime centralista dificulta que se poida fiscalizar como se gastan.

Cando Galicia teña autonomía, sobre todo si é como a reclaman os gáleguistas, os cartos que paga Galicia gastaránse os máis d-iles na nosa Terra e en proveito dos galegos, e como cada Parroquia administraría os seus intreses propios, formando coas outras Ayuntamientos pra os intreses comúns, na forma e os gastos que elas establecesen, deixando pra o goberno nazonal galego os asuntos de intrés común, está claro que cada Parroquia podería vixilar a inversión do diñeiro que paga e poderían suprimirse funcionarios e gastos innecesarios, o que permitiría rebaixar en parte as contribucións ou aumentar e millorar os servicios, en beneficio sobre todo dos máis necesitados.

Ademais, os galeguistas queren que se reforme o sistema actual das contribucións, substituíndoas todas por unha sola, que se podía adadministrar máis facilmente e con menos gastos, evitando ás xentes as mil molestias que produce o pago de tanta contribución distinta. E queren tamén que todos paguen en relación coa súa riqueza ou cos beneficios que outeñan, establecendo o impos-

tó progresivo e exceptuando aos necesitados. D-esta maneira habería xusticia e os caciques non poderían utilizar as contribucións como arma política.

Claro que aínda tendo autonomía Galicia terá que pagar algo ao Estado, pra exército, embaixadores e demais cousas que quedasen a cargo do goberno de Madrid, pero cando a autonomía sea como a piden os galeguistas a cantidade a pagar fixarásede de acordo con Galicia e nós poderemos vixilar como se gasta, pra que non suceda o de agora, que se gasta en outras cousas, e despois súbennos as contribucións, sin que teñamos contra d-esto ningunha defensa eficaz.

O Estatuto aprobado en Santiago polos Ayuntamientos non é como os galeguistas querían e non ten todas as ventaxas que quedan indicadas; pero os galeguistas dicen que, despois de conseguir algo, é moito mais fácil ir conseguindo todo o demais. Por eso, aconsellan a todos os galegos que o voten o día que se celebre o plebiscito.

I X

AS CLASES SOCIALES

Os galeguistas non van personalmente contra ninguén. Nin contra os ricos, nin contra os probes; nin contra os patronos nin contra os obreiros;

nin contra os cregos, nin contra os empregados, nin contra os militares; nin contra a propiedade, nin contra a familia, nin contra a relixión.

O que queren é liberdade e igualdade pra todos, xusticia pra todos, honradez en todos, e, sobre todo, unión dos galegos, sean da clase que sean, pra defender a Galicia. Que todos nos sintamos, antes que nada e por enriba de todas as cousas, galegos, e, despois, do mundo.

Atacan: aos caciques, aos que non cumpren as súas funcións honradamente, aos partidos que non defenden a Galicia, e os abusos dos gobernos de Madrid.

É certo que teñen algunha preferencia polos peisanos e polos mariñeiros, porque son os máis, os que máis traballan e contribúen á riqueza verdadeira de Galicia e porque iles foron os únicos que, nos momentos en que Galicia estaba en perigo de ser asimilada polo castellanismo do Estado, souperon ser rebeldes e conservaron a nosa lingua e as esenciais da nosa nazón galega. Tamén polos obreiros, inda que istes moitas veces se deixan influenciar por xentes alleas a Galicia e que teñen incluso intereses contrarios aos seus. E polos probes, porque, posto que o necesitan máis, deben ter maor protección por parte dos gobernos e das autoridades públicas.

Pero os galeguistas son amigos de todos os que fagan ben a Galicia e aos galegos, e a ises axúda-

nos, deféndenos e falan ben d-iles, inda que sean de outro partido, como xa se ten demostrado moitas veces.

XII

O QUE É PRECISO PRA SER GALEGUISTA

Os galeguistas non ganan nada por ser galeguistas. Ao contrario, gastan o seu diñeiro en defender a Galicia, ao seu idioma, e a libertade e os intreses dos galegos. Teñen como enemigos a todos aqueles a quenes combaten, que, como son caciques ou xentes con mando, ou xentes que teñen influencia nos periódicos e no Goberno, chámanlles mil e unha e fánlles todo o mal que poden.

Ademais, o que ingresa no Partido Galeguista non pode ter outra esperanza en canto a cargos e empregos que aqueles que conquira polos seus méritos e o seu traballo; porque xa queda indicado que os galeguistas non tratan de botar aos que gobernan pra gobernar iles, senón que o que queren é que as Parroquias se gobernen por si mesmas.

Por todo o dito, xa se ve que pra ser galeguista compre ser valente e destemido ante os que mandan, ter espírito de sacrificio, e querer millor o ben de Galicia que o de un propio.

Velahí por qué o Partido Galeguista non pode

admitir a todos, senón sóo aos que estén convencidos das suas ideas e teñan carraxe pra loitar pola nosa Patria, que é Galicia.

Algúns enemigos nosos diránvos que ninguén gasta cartos e se sacrifica e renuncia a mandar se non é en procura d'algún proveito. Está ben que pensen así os que endexamais foron capaces de facer outra cousa nin de ter pra con Galicia ningún pensamento noble. Pero os galeguistas son casi todos mozos que xa se crearon, a forza de traballo e sin axuda de ninguén, a sua posición e teñen o romantismo de se dedicar a traballaren pola prosperidade e a dignificación da sua patria sin ambicións e egoísmos.

O proveito que un galeguista debe buscar explícase da seguinte maneira: Si que Galicia sea rica lle convén a todol-os galegos, tamén lle convirá aos galeguistas. E convíralle tamén que haxa libertade e instrucción e cultura e paz. Porque así haberá mais industria e mais comercio e mais empresas e mais empregos e traballo pra todos. De maneira que do proveito que veña pra Galicia beneficiaranse os galeguistas tamén.

Pero, por enriba de todo esto, o que debe mirar un galeguista e o proveito da honra, que val mais que o proveito dos cartos.

O pertescer a un pobo libre, rico, instruído e xusto, como queren os galeguistas que sea Galicia, é unha honra pra todol-os galegos, e pol-o

tanto pra os galeguistas tamén. Pero pra os galeguistas a honra será moito maor por seren os que mais traballan por conseguir eso.

O progreso e a liberdade de Galicia serán debidos principalmente aos galeguistas, e isto debe ser a maor honra pra calquera que teña amor propio e estima de si mesmo. E logo, cando os galegos se dean ben conta do que van ganando pol-o traballo dos galeguistas, hanllo de agradecer e hanse lembrar sempre d-eles e honrar a sua memoria.

Por eso, ainda que os galeguistas non sacasen proveito ningun, traballarían e loitarían igual.

Pase o que pase, digan o que digan, fagan o que fagan os nemigos do galeguismo e de Galicia, un galeguista debe ir sempre adiante, anque teña que perder canto ten, anque teña que andar pol-as portas, anque o prendan, anque o maten.

O galeguismo, inda que fose moi perseguido, non podería morrer namentras quedase un galego con dignidade e con vergonza.

O galeguismo avanza cada día mais, e vencerá.

Galicia ha chegar a ser libre, anque non queiran os seus inimigos e algúns malos galegos que temen perder os seus privilexios.

Os que teñades amor á Patria en que nacíchedes alegrais e tede espranzas, e, si tedes coraxe, vinde cos galeguistas.

Galegos: «Os tempos son chegados».

Galiza, novembro do 1933.